

**CONCELLO  
DE VIGO**



**PROGRAMA MUNICIPAL  
ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2023  
GUÍA PARA PROFESORADO**

**RESPECTO!**

**RESPECTA A SÚA LIBERDADE  
RESPECTA A IGUALDADE**

**RESPECTA  
ÁS MULLERES!**

**DATE CONTA!  
ISTO SI É VIOLENCIA DE XÉNERO**



**Proposta 2023**

**Centros de secundaria (3º e 4º ESO), BAC e ciclos FP**

**Accións no centro (outubro-décembro)**

Dinámicas na aula, charlas, exposicións itinerantes

**Feira educativa e evento central no Auditorio Mar de Vigo**

24 de novembro



Máis información e  
seguimento en:  
[www.enlazavigo.org](http://www.enlazavigo.org)



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

# QUE ATOPARÁS NESTA GUÍA?

Con motivo da conmemoración do **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**, o 25 de novembro de cada ano, a **Concellería de Igualdade do Concello de Vigo** pon en marcha un conxunto de accións dirixidas a sensibilizar a sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres.

Dende o convencemento de que é a mellor estratexia contra a violencia de xénero, traballamos no eido da prevención e concienciación coa xente moza para conseguir que as novas xeracións se impliquen activamente na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos. Por isto, buscando a implicación da comunidade educativa dos centros de ensino secundario da cidade, desde o ano 2011, organizamos a iniciativa **ENLAZAVIGO - Reacción cidadá contra a violencia de xénero**. Con esta campaña traballamos na consecución dos seguintes obxectivos:

- **Concienciar** a poboación viguesa, especialmente a xuventude, **da problemática da violencia de xénero co propósito de conseguir unha maior implicación** da cidadanía no seu **rexuntamento**.
- **Previr e detectar novas formas de violencia de xénero na xuventude**, ofrecendo formación específica a través de obradoiros destinados ao alumnado e profesorado.
- **Rexeitar e deter a violencia de xénero**, co obxecto de previla, recoñecela e non ser cómplices destas actitudes e comportamentos, **dotando á mocidade de ferramentas de reflexión crítica**.

No ano 2013 EnlazaVigo recibe o Premio Nacional “Buenas Prácticas contra la violencia de género” outorgado ao Concello de Vigo pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Durante todos estes anos ten participado un **promedio anual de 40 centros educativos** na iniciativa, cunha presenza media no evento central de **1200 participantes**.

Ver Memoria 2011-2020 (<http://www.enlazavigo.org/memorias/>)

Nesta edición 2023, continuaremos traballando na **sensibilización e prevención das violencias de xénero na mocidade** con alumnado de 3º e 4º da ESO, BAC e ciclos de FP.

A presente **“Guía para o profesorado”** contén **materiais, recursos, documentación e actividades** para que se poida desenvolver nas aulas, adaptando os contidos e dinámicas segundo a idade do alumnado.

1. **A violencia de xénero: conceptos básicos (páxinas 3 a 5)**
2. **Mitos e realidades arredor da violencia de xénero (páxinas 6 e 7)**
3. **Consecuencias da violencias machista (páxina 8)**
4. **Recomendacións (páxina 9)**
5. **Recursos e materiais** para traballar na aula , divididos en 2 bloques temáticos :
  - **BLOQUE 1:** Conceptos básicos (**páxina 10**)
  - **BLOQUE 2:** Mitos e realidades arredor da violencia de xénero (**páxina 11 e 12**)
6. **Actividades e dinámicas de nivel básico (páxinas 13 e 14)**
7. **Actividades e dinámicas de nivel avanzado (páxinas 15 e 16)**
8. **Exposicións itinerantes (paxinas 17 a 19)**
9. **Proposta para a creación dun Punto Lila (páxina 20)**

**Documentación complementaria:**

- . **Ficha coas actuacións 2023: actividades propostas e calendarización**
- . **Ficha de inscrición EnlazaVigo 2023**
- . **Ficha técnica da actividade Microvídeos**

# BLOQUE I. A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTOS BÁSICOS

A **violencia de xénero** é todo acto que teña como resultado o sufrimento físico, sexual ou psicolóxico dunha muller, cometido por un varón contra a súa vítima polo só feito de ser muller. Inclúense tamén as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada.

Supón tamén a manifestación extrema da desigualdade e do sometimento no que viven as mulleres no mundo. Constitúe un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade e á dignidade das mulleres e das mozas e polo tanto un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.



A **violencia de xénero** pode presentarse de distintas formas: **violencia psicolóxica**, **violencia sexual**, **violencia social**, **violencia física** e **ciberviolencia**.



## **Violencia psicolóxica**

- . Ignora a túa presenza.
- . Contrólache, vixíate.
- . Merma a túa estima, insultándote, descualificándote, gritándote, facéndoches comentarios degradantes.
- . Culpabilízate de calquera problema.
- . Non respecta a túa opinión e impón sempre a del.
- . Ameázate e coaccióname.

## **Violencia sexual**

- . Obrígate a manter calquera tipo de relación sexual.
- . Impídete exercer a túa sexualidade libremente.
- . Acósate con insinuacións sexuais, incomodándote

## **Violencia social**

- . Íllate do teu contorno social.
- . Controla as túas relacións familiares e de amizade.
- . Controla e critica a túa forma de vestir.
- . Contrólache as chamadas e todas as actividades.
- . Humíllate e ponte en evidencia publicamente.

## **Violencia física**

- . Empúrrate, golpéate, tírache dos pelos.

## **Ciberviolencia**

- . Emprega as novas tecnoloxías e as redes sociais como medio para facerche dano ou ter control sobre ti.

## TIPOS DE VIOLENCIA SEXUAL

### Ciberviolencia sexual

.**Sexting**: esta práctica pode facilitar a difusión de fotos ou vídeos de contido sexual de alguén a través do teléfono móbil ou redes sociais sen consentimento da persoa

.**Sextorsión**: chantaxear utilizando imaxes ou vídeos compartidos na rede, como fotos íntimas, en roupa interior, etc.

.**Ciberbullying ou ciberacoso**: acoso psicolóxico, de xeito individual ou grupal, utilizando ameazas, chantaxes, humillacións, etc.

.**Grooming ou engatusamento**: prácticas en liña de certas persoas adultas para gañar a amizade e a confianza dun/dunha menor finxindo empatía, cariño, etc. cun fin sexual



### Acoso sexual

. **Peticións de “favores” sexuais** desde unha posición de autoridade, mediante coaccións ou ameazas.

. **Piropos, comentarios de contido sexual ou tocamentos non desexados**, co obxectivo de incomoda ou intimidar.

### Agresión sexual

Toda aquela conduta que atente contra a liberdade sexual sen o consentimento da outra persoa. Considérase que non hai consentimento en toda actuación sexual sobre sobre un/unha menor de 16 anos, a non ser que sexa entre dúas persoas cun mesmo grao de madurez ou idade

A Lei 10/2022 de garantía integral da liberdade sexual (entra en vigor o 7 de outubro de 2022) establece que **se non hai un consentimento expreso, calquera contacto sexual non desexado será unha AGRESIÓN SEXUAL**. Introduce, así mesmo, o agravante da sumisión química neste tipo de agresións.

## ICEBERG DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Esta imaxe resulta moi útil para explicar os distintos tipos de violencias machistas.

Na parte que non é visible, a que se atopa por debaixo da auga, atopamos todas aquelas violencias que pasan desapercibidas por estar naturalizadas pola súa frecuencia.

Como acontece cun iceberg, estas violencias son as que permiten que as outras, máis visibles e evidentes, teñan lugar. A parte somerxida do iceberg é a que facilita que a outra parte emerxa da auga. Nesta parte entrarían as *fake news* das violencias machistas.

Na parte que queda á vista do iceberg atopamos todos aqueles actos de violencia máis evidentes, aqueles que ninguén ou pouca xente dubidaría en cualificar como tal.



FONTE: <https://observatorioviolencia.pe/la-violencia-simbolica-hacia-las-mujeres/>



# BLOQUE I. A VIOLENCIA DE XÉNERO: CONCEPTOS BÁSICOS

## O CICLO DA VIOLENCIA DE XÉNERO: A DINÁMICA HABITUAL

As reaccións violentas non aparecen de forma imprevista, senón que forman parte dun longo proceso que acaba nunha pirámide de violencia sen retorno e que leva a un ciclo moi difícil de parar.

O ciclo da violencia ten tres fases que se reiteran cada certo tempo intercalando períodos de violencia con períodos de afectos e arrepenimentos ou “lúa de mel”

de mel pero onde cada vez son máis frecuentes os momentos de agresión e menos os de arrepenimentos.


Os tempos que transcurren entre cada fase do ciclo fanse cada vez máis curtos, polo que chegará un momento no que a repetición de todas as fases do ciclo poderán desenvolverse mesmo nun día ou en poucas horas.



Guía “Información xeral sobre violencia de xénero”. Concellería de Igualdade 2012

## A ESCALA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Para os efectos de abordar o Programa “**A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero**” que nesta edición se propón, vaise empregar a proposta metodolóxica que presenta a socióloga e formadora de profesorado **Carmen Ruíz Repullo**. Nela simplifícase o complexo proceso da violencia de xénero na adolescencia nunha escala lineal, pero permite tratar pedagoxicamente a problemática de xeito que se achega á realidade xuvenil. O seu esquema, á súa vez, sópórtase sobre o esquema xeral da violencia contra as mulleres.



### Escala cíclica da violencia de xénero na adolescencia



# BLOQUE II. MITOS E REALIDADES ARREDOR DA VIOLENCIA DE XÉNERO

As ideas previas ou prexuízos sobre a violencia de xénero **son mitos que actúan como xustificantes sociais**, ante a dificultade ou resistencia para recoñecer a magnitude ou a gravidade desa violencia.

Estes mitos ou falsas ideas **provocan**:

- Que se perpetúe unha **visión distorsionada da natureza e das causas** da violencia de xénero.
- Que se esqueza a **realidade violenta na que viven moitas mulleres**.
- Que se obstaculicen **intervencións axeitadas**.
- Provocan a **dobro vitimización**, ao culpabilizar as mulleres da violencia sufrida.

## MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

A violencia contra as mulleres non é un aspecto máis da violencia xeral senón que serve para asegurar o dominio dun sexo sobre o outro e manter así a desigualdade na nosa sociedade en xeral e nas relacións de parella en particular para defender un modelo que dá poder e privilexios aos homes (patriarcado).

Esta violencia empeza a aparecer desde que se establecen as primeiras relacións de parella, con comportamentos que favorecen a desigualdade, o dominio e o abuso. Cando aparece a violencia na súa faceta de agresión, a persoa que a sofre xa está moi danada nos seus aspectos emocionais, relacionais e psicolóxicos. Por iso é moi importante detectar e combater a violencia desde as súas primeiras etapas, así como previla favorecendo un modelo de relacións de parella igualitario e enriquecedor.

Algúns estudos apuntan a maior frecuencia da violencia de xénero en parellas novas que en parellas adultas, xa que a normalización e a invisibilización da violencia de xénero nestas idades leva a non denunciar ou pedir axuda, e impide que aparezan nas estatísticas.

Moitas destas relacións teñen como base os mitos do “amor romántico”: falacias, falsidades sobre o concepto de amor, que na nosa sociedade son aceptadas como crenzas verdadeiras e inamovibles. Concentran unha grande carga emotiva, e por iso adoitan ser moi resistentes ao razoamento e ao cambio. Reforzan o sexismo, e dificultan a visibilización, sensibilización e a prevención da violencia de xénero entre a xente nova. Pero, as veces, confundimos o amor con “outra cousa”, que pode causar dano: **“Se doe, xa non é amor”**.

Vemos así que o concepto de **amor responde a momentos históricos determinados, construído sobre tradicións culturais, condicións socioeconómicas e ideoloxías dominantes en cada época**.

Todos os **mitos do amor romántico caracterízanse** por presentar as seguintes dimensións:

1. Idealización da persoa amada.
2. “O un e único”.
3. Amor a primeira vista.
4. Amor por riba de todo.
5. Glorificación das emocións persoais.

Unha **relación de amor sa** debe asentarse nestes **catro piares: RESPECTO, LIBERDADE, IGUALDADE E CONFIANZA**.



# BLOQUE II. MITOS E REALIDADES ARREDOR DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MITOS	REALIDADES
A violencia de xénero é debida a unha perda momentánea do control	A violencia non é algo que suceda ocasionalmente, de forma illada, nun enfado ou discusión. É unha actitude que forma parte dun patrón de comportamento que irá aumentando as súas manifestacións co tempo.
A violencia de xénero é un asunto privado no que ninguén debe meterse.	Ningún acto que lle provoque danos a unha persoa pode considerarse un asunto privado, senón que é un delito.
O maltrato psicolóxico ou emocional non é tan grave como o físico.	A violencia psicolóxica pode ser tan destrutiva e ter consecuencias tan graves como a física.
Ás mulleres que son maltratadas debe gustarlles porque do contrario deixarían o agresor e separaríanse.	Un bo número de mulleres non denuncian por medo, por baixa autoestima, por dependencia emocional e económica, por vergoña, indefensión, crer que as súas fillas e fillos sufrirán, medo a que a familia non entenda a situación... Ningunha muller aguanta porque lle guste estar así.
Se unha muller é maltratada será porque fixo algo	O agresor busca escusas que xustifiquen a violencia pero nada xustifica o maltrato.
A violencia prodúcese contra mulleres cunhas características determinadas de personalidade ou que teñen un comportamento provocador.	Calquera muller pode ser vítima de violencia de xénero, non depende do que faga ou non a muller, senón do significado que o home lle dea á conduta dela.
As mulleres maltratadas pertencen a familias con problemas económicos, sociais ou son inmigrantes ou pertencen a determinados grupos étnicos.	Non existe un “perfil “ previo que predispón a determinadas mulleres a ser vítimas . A violencia de xénero dáse en todas as clases sociais e grupos étnicos.
Os maltratadores teñen uns trazos psicosociais diferentes aos dos homes en xeral.	Os homes que maltratan non son diferentes na maioría das súas características do resto dos homes. Non hai un perfil de agresor, nin por idade nin por constitución, nin por raza ou relixión nin por carácter.
Os homes que maltratan as mulleres teñen problemas co alcol ou coas drogas.	O alcohol e as drogas poden actuar como desencadeante ou agravar a violencia, pero non son a causa, nin a xustifican. Hai moitas persoas que beben ou toman drogas e non maltratan.
Os casos de violencia contra a muller son casos illados.	Dende o ano 2003 ata a actualidade o número de mulleres asasinadas en España por violencia de xénero ascende a 1.236. Durante este 2023 ata o 11 de outubro, foron 51.

## FACTORES QUE INFLÚEN NA INVISIBILIZACIÓN DAS VIOLENCIAS:

- **A cultura do silencio:** En moitas ocasións as persoas que sofren ou son testemuñas da violencia senten medo ou non queren denunciar porque pensan que a situación pode empeorar por estigma, vergoña ou medo a represalias.
- A falta de **educación en igualdade** e a **habitación ao machismo**. Os micromachismos son un exemplo destas expresións de machismo que moitas veces pasan desapercibidos.
- **Estereotipos de xénero** moi arraigados que perpetúan unha imaxe da muller como ser inferior ao home.
- **Normalización da violencia**, falta de referentes de relacións de amor saudables e **mitos do amor romántico**.

# BLOQUE III. CONSECUENCIAS DA VIOLENCIA MACHISTA

Rabia

e tamén

Culpa

Noxo

Vergoña

Indignación

Medo



## Consecuencias

A violencia de xénero produce nas vítimas danos moi graves, físicos, psicolóxicos, sexuais e reprodutivos a curto e a longo prazo e por suposto danos sociais.

### Efectos na saúde física

Efectos derivados directamente do maltrato: golpes, feridas, fracturas, etc

A tensión e o estrés continuado prodúcelle á vítima esgotamento e desgaste físico, baixo sistema inmunitario, dores de cabeza, problemas respiratorios e cardíacos, insomnio e problemas relacionados coa alimentación (anorexia, bulimia, anemia, diarreas), etc

Como consecuencia disto prodúcese unha maior inxestión de psicofármacos e posiblemente consumo de tabaco e alcohol...

### Efectos na saúde psíquica

Aparecen reaccións de *shock*, negación, confusión, ansiedade, temor e dores non específicos. As mulleres presentan unha baixa autoestima, culpabilidade, vergoña e temor. O diagnóstico clínico é o de depresión.

Unha das consecuencias é a presenza de estrés postraumático (TEP). A sintomatoloxía que presentan é a reexperimentación dos recordos das agresións, pesadelos recorrentes, a evasión de todo o asociado aos episodios violentos, un bloqueo na súa capacidade de resposta e un aumento do estado da activación que se manifesta en irritabilidade, sobresalto, estados constantes de alerta...

### Efectos na saúde sexual

Como consecuencia das relacións sexuais impostas pode sufrir perda do desexo sexual, desenvolvemento de fobias e dificultades para gozar a sexualidade no futuro. Ademais de problemas xinecolóxicos: infeccións recorrentes, enfermidades de transmisión sexual, dor pelviana, problemas urinarios...

### Efectos na saúde reprodutiva

Unha consecuencia importante son os embarazos non desexados, abortos, partos prematuros con baixo peso da criatura...

### Efectos de carácter social

A violencia xera na muller illamento, falta de participación, dificultade para unha relación futura, redución da súa produtividade, absentismo laboral, perda sistemática de emprego...



### NON AGRIDAMOS NIN SEXAMOS CÓMPLICES!

- Promove a igualdade no teu entorno
- Explícalle a outras persoas a importancia do consentimento e o respecto
- Non rías ou alentes a quen promove ideas machistas
- escoita e ofrece apoio se algunha amiga ou coñecida che di que está a sufrir violencia machista
- Evita reproducir os mitos do amor romántico
- Promove o liderado feminino e a participación activa das mulleres en todos os eidos

### ANÍMASTE A ANALIZAR SE A TÚA RELACION É DE BO TRATO...?

Se cada un/unha ten o seu **espazo propio**: ti tes amizades, afeccións propias e momentos para facer cousas que che gustan, e el/ela tamén ten os seus. Non necesitas ser un “pack” de 2x1 senón que aceptedes que a outra parte tamén teña a súa propia vida!

Se ten en conta as túas opinións e respecta que **penses diferente**. Se sodes quen de falar e comunicar as cousas porque ningún ten razón sempre.

Se che **recoñece o que ti vales**, se che mostra cariño, se che di o que lle gusta de ti algunha vez e fala ben de ti ás demais persoas...

**Se lle gustas tal e como es**; se lle parece ben como vistes e non intenta cambiarte. Porque a túa forma de ser, de vestir, de pensar, e o que queres facer na vida decídelo ti.

Se entende e respecta que fales con outros mozos e mozas, e non intenta chantaxearte, controlarte, nin facerte sentir mal para que non saias,... porque tendes **confianza mutua**.

Se estás con esa persoa porque queres e non por non estar soa ou só. Porque **non é obrigatorio** nin ter parella nin buscar unha historia de amor de película.

Se che di que te quere... pero ademais demostracho. Porque dicir “tq” non é o mesmo que demostralo, e demostralo implica estar aí nos momentos difíciles, intentar arranxar os conflitos, e por suposto ... **pasar bos momentos xunt@s!**

### COMO PODEMOS AXUDAR?

- Pregúntalle como se atopa e se necesita axuda.
- Escóitaa con respecto. Cre nela e non fagas xuízos.
- Non a deixes soa e trata de crear un espazo de seguridade.
- Axúdalle a contactar con alguén da súa confianza que a poida acompañar.
- Contacta coa Policía Nacional ou Policía Municipal. Non agridamos nin sexamos cómplices.
- Acude ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller de Vigo (rúa de Romil, 20 – 986 293 963). Servizo municipal, gratuíto e confidencial que dispón dun equipo multidisciplinar integrado por psicóloga, avogada e traballadora social.

# RECURSOS E MATERIAL PARA TRABALLAR NA AULA

De seguido propónse unha colección de **recursos e material** (guías e material audiovisual) co que poder traballar nas aulas os dous primeiros bloques na **prevención da violencia de xénero na mocidade**. Distribúese en 2 bloques:

**Bloque 1: conceptos básicos** relacionados coa prevención da violencia de xénero na mocidade.

**Bloque 2: mitos e realidades ao redor da violencia de xénero.**

## BLOQUE 1: CONCEPTOS BÁSICOS


- **Guía coeducativa para os centros escolares de Galicia (2021) :**  
[https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/interior\\_guia\\_coeducativa\\_v2.pdf](https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/interior_guia_coeducativa_v2.pdf)
- **Guía de información xeral sobre a violencia de xénero (Concello de Vigo):**  
[https://hoxe.vigo.org/movemonos/muller\\_vxenero.php?lang=cas#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/muller_vxenero.php?lang=cas#/)
- **Guía didáctica de los cortometrajes “Encuentra el verdadero amor” para la prevención de la violencia de género:**  
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionalesInvestigacion/educativo/recursos/material/pdf/guia.pdf>
- **Materiales didácticos del Ministerio de Igualdad. Oferta de materiais gratuitos para traballar dende a educación diferentes aspectos relacionados coa violencia de xénero.**  
<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/MaterialesDidacticos.htm>
- **Guía de buenas prácticas de educación en igualdad en Europa**  
<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/docs/GuiaBuenasPracticas.pdf>
- **Guía Didáctica para la Coeducación y la Prevención de la Violencia de Género en Educación Secundaria** <https://camargoeducacion.es/wp-content/uploads/SECUNDARIA.pdf>
- **Guía para el uso no sexista del lenguaje**  
[https://www.inmujeres.gob.es/servRecursos/formacion/GuiasLengNoSexista/docs/Guiaslenguajenos\\_exista .pdf](https://www.inmujeres.gob.es/servRecursos/formacion/GuiasLengNoSexista/docs/Guiaslenguajenos_exista .pdf)
- **Guía para profesionales ante chicas adolescentes que sufren violencia de género: saber mirar, saber acoger, saber acompañar (Instituto Andaluz de la Mujer, 2018)**  
[https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5643\\_d\\_Guia\\_IAM\\_Adolescentes\\_genero.pdf](https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5643_d_Guia_IAM_Adolescentes_genero.pdf)
- **Guía para la prevención y actuación ante la violencia de género en el ámbito educativo**  
<https://www.observatoriodelainfancia.es/oia/esp/descargar.aspx?id=5519&tipo=documento>
- **Vdeos colaborativos do programa EnlazaVigo.**
  - **“A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero: Historia de Pepa e Pepe” (2020).** Vídeo inspirado no relato de Carmen Ruíz Repullo que afonda na violencia de xénero que se pode dar nas relacións entre a mocidade. <http://www.enlazavigo.org/2020/video-enlazavigo-2020/>
  - **“A mocidade viguesa contra a violencia sexual” (2021).** No vídeo varios grupos de igualdade de centros de ensino organizan a campaña na que traballan esta problemática dende vivencias propias. [https://www.youtube.com/watch?v=mEooZf\\_b1mg&t=3s](https://www.youtube.com/watch?v=mEooZf_b1mg&t=3s)
  - **“Enlazavigo contra a violencia de xénero 2011-2022” (2022).** Este vídeo é un resumo que recompila as 12 edicións deste programa municipal que ten por obxecto a prevención da violencia de xénero entre a mocidade. <https://www.youtube.com/watch?v=2w7gDhczPz8>

## BLOQUE 2: RELACIÓNS AFECTIVAS E MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

- Libro “Eso no es amor. 30 retos para trabajar la igualdad” (2017, Marina Marroquí)
- Guía “Conectamos ben? Mozos e mozas que se tratan ben e de = a =” (Concellería de Igualdade de Vigo), dirixida á mocidade, coa finalidade de promover o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá. [http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id\\_noticia=409](http://www.igualdadevigo.org/?sec=publicaciones&id_noticia=409)
- Guía “Rompiendo mitos sobre el amor romántico” (Fundación Mujeres, Junta de Extremadura): <https://www.infocop.es/pdf/Rompiendo-mitos.pdf>
- Guía didáctica “En busca del buen amor, mitos del amor romántico” (Muros pola igualdade): <http://muros.gal/construimos-igualdade/>
- Guía didáctica “Amar en tiempos de redes: Mitos del amor romántico en la red para educación secundaria” (Junta de Extremadura): [https://emtic.educarex.es/nativosdigitales\\_materiales/secundaria/amorromantico/guia\\_ES12\\_mitos\\_del\\_amor\\_romantico.pdf](https://emtic.educarex.es/nativosdigitales_materiales/secundaria/amorromantico/guia_ES12_mitos_del_amor_romantico.pdf)
- Colección “Rebeldes de Género. Despatriarcando el amor” (Gobierno de Canarias, 2020). Guía de actividades para traballar a idea do amor romántico. [https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/files/2020/04/rebeldes-de-genero-2-amor-2020\\_04\\_06.pdf](https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparalaigualdad/files/2020/04/rebeldes-de-genero-2-amor-2020_04_06.pdf)
- APP “Detectamor” (aplicación móbil do Instituto Andaluz de la mujer de sensibilización e prevención da violencia machista na xuventude andaluza) <https://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/catalogo/doc/iam/2014/143531097.pdf>
- Canción “Contigo - La Otra”. Tema musical sobre o amor e os mitos do amor romántico. Ofrece unha visión alternativa do amor e dos afectos. [https://www.youtube.com/watch?v=2hrtObEhXUg&ab\\_channel=LaOtra](https://www.youtube.com/watch?v=2hrtObEhXUg&ab_channel=LaOtra)
- Exposición “A violencia sexual na mocidade. Infórmate!” da Concellería de Igualdade de Vigo, á disposición de todos os centros de ensino da cidade. Consta de 10 paneis informativos que tratan sobre a violencia sexual, tipos, consecuencias, como pode axudar o grupo de iguais á persoa agredida e claves para unha convivencia en respecto, liberdade e igualdade. Máis información en: [www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php](http://www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude.php)
- **Díptico Punto Lila**, da Concellería de Igualdade de Vigo. Campaña “Respecto! Por un ocio libre de violencias machistas”. Punto de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. [http://www.igualdadevigo.org/archivos\\_editor/file/noticias/Diptico\\_Punto\\_Lila.pdf](http://www.igualdadevigo.org/archivos_editor/file/noticias/Diptico_Punto_Lila.pdf)
- Manual “Datos e datos para lembrar en pé de igualdade... e non esquecer o resto do ano” da Concellería de Igualdade de Vigo. Trata sobre as distintas conmemoracións oficiais que se celebran ao longo do curso escolar, elaborado con perspectiva de xénero por profesionais do ensino: [www.igualdadevigo.org/datasedatos](http://www.igualdadevigo.org/datasedatos)
- Guía masculinidades igualitarias (Generalitat valenciana): <https://ceice.gva.es/es/web/inclusioeducativa/guia-de-masculinitats-igualitarias>

# RECURSOS E MATERIAL PARA TRABALLAR NA AULA

- Guía de actuación frente a la violencia machista (Ministerio de Igualdad):  
[https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/PuntoVioleta/docs/GUIA\\_DE\\_ACTUACION\\_FRENTE\\_A\\_LA\\_VIOLENCIA\\_MACHISTA\\_descarga\\_e\\_impresionOK.pdf](https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/PuntoVioleta/docs/GUIA_DE_ACTUACION_FRENTE_A_LA_VIOLENCIA_MACHISTA_descarga_e_impresionOK.pdf)
- Guía de actuación frente a la violencia de género en el ámbito educativo (C.A. Región de Murcia):  
<https://igualdadyviolenciadegenero.carm.es/documents/202699/4328688/Gu%C3%ADa+de+actuaci%C3%B3n+contra+la+violencia+de+g%C3%A9nero+en+el+%C3%A1mbito+educativo/2df854b8-2979-4f9a-9bf5-fbeab3a71020>
- Vídeo da campaña “Juntas 25N” (corto documental que narra la lucha de las mujeres contra las violencias machistas en España a lo largo de las últimas décadas):  
[https://www.youtube.com/watch?v=vYH7ox-RWnQ&ab\\_channel=Ministeriodeligualdad](https://www.youtube.com/watch?v=vYH7ox-RWnQ&ab_channel=Ministeriodeligualdad)
- Campaña de sensibilización por la violencia de género (Fundación Fad Juventud):  
[https://www.youtube.com/watch?v=UyhCbEjn40I&t=51s&ab\\_channel=FadJuventud](https://www.youtube.com/watch?v=UyhCbEjn40I&t=51s&ab_channel=FadJuventud)
- Testimonios de mujeres supervivientes á violencia de xénero (Ministerio de igualdad, Gobierno de España):  
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/testimonios/supervivientes/home.htm>
- Informes do observatorio estatal de violencia sobre a muller. Espazo no que buscar datos oficiais que fan fronte a todos os bulos e fake news acerca da violencia de xénero:  
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/observatorio/home.htm>
- Vídeo da campaña estatal de “Ser libre. Estar viva. España (2023, Ministerio de igualdad):  
[https://www.youtube.com/watch?v=G2dj\\_k9vaSk&ab\\_channel=Ministeriodeligualdad](https://www.youtube.com/watch?v=G2dj_k9vaSk&ab_channel=Ministeriodeligualdad)



# PROPOSTAS PARA TRABALLAR NA AULA: NIVEL BÁSICO

## **BLOQUE 1. “Adiviña, adiviña”**

1. Facer unha breve explicación teórica das diferentes formas que ten de presentarse a violencia de xénero (psicolóxica, sexual, dixital, etc)
2. Pedir ao alumnado que, individualmente, escriba nun papel un exemplo concreto dese tipo de violencia e despois dividir a aula en dous grandes grupos.
3. Cada grupo irá sacando a dúas ou tres persoas voluntarias cada quenda para facer unha dinámica de *role play* na que representen as situacións que previamente escribiron nos papeis.
4. O outro grupo terá que adiviñar de que tipo de violencia se trata e plantexar un xeito de actuar para previr ou deter ese tipo de violencia.

## **BLOQUE 1. Análise e debate do vídeo proposto**

1. O alumnado visualizará o vídeo “A historia de Pepa e Pepe” (vídeo 2).
2. Dividir a clase en 4 ou 5 grupos.
3. Cada grupo debe identificar os tipos de violencia que se dan na relación de Pepa e Pepe, distinguíndoos e clasificándoo segundo o aprendido.
4. Despois, pedirase a cada grupo que reflexione sobre a historia de Pepa e Pepe, seguindo as seguintes indicacións:
  - a) A historia finaliza co grupo de amizades de Pepa apoiándoa e animándoa a deixar esa relación. Que importancia pensades que teñen as amizades neste proceso? Como poden axudar? Débese intervir nestas situacións ou pensades que son problemas privados, de parella?
  - b) Cada grupo escribirá un epílogo da historia, é dicir, como remata a historia para Pepa e como remata para Pepe.
5. Para finalizar, farase unha posta en común do traballo de cada grupo e tamén unha reflexión conxunta.

## **BLOQUE 2. “Para ti, que é o amor?”**

1. Pedirase ao alumnado facer unha chuvia de ideas sobre o amor romántico. A/o docente responsable escribirá no centro do encerado a palabra “amor romántico” e ao arredor todas as palabras que se lle veñan á mente ao alumnado. Serve calquera palabra xa que despois analizarase o por que desas palabras.
2. Cando o encerado estea cheo de palabras, asegurámonos de que todo o mundo as coñece. Abriremos un debate na clase sobre que é para cada persoa o amor. Analizaranse os beneficios que ten para as relacións eliminar todos os mitos do amor romántico que nos viñeron impostos. Algunhas preguntas que poden facilitar o debate por parte da persoa moderadora serían: Que ideas do amor romántico viches en series ou películas que son prexudiciais para un amor sa? E nas letras das cancións? E en relacións de parella tanto vosas como de amigas ou amigos? Como podemos afrontar estas situación?



# PROPOSTAS PARA TRABALLAR NA AULA:

## NIVEL BÁSICO

### **BLOQUE 2. “Mito ou realidade?”**

1. O profesorado expón ao alumnado unha serie de frases sobre os mitos do amor romántico.
2. Estas frases, proxectaranse (dunha en unha) e o alumnado terá que votar se pensan que se trata dun mito do amor romántico ou non.
3. Tras a votación, o alumnado argumentará as razóns polas que apoia que esa frase sexa mito ou verdade.
4. Tras escoitar os argumento do resto de compañeiros/as poden decidir cambiar o seu voto.
5. Ao rematar o debate, no caso de tratarse dun mito, o profesorado explicará as razóns polas que o é.

### **BLOQUE 2. “Rachando as *fake news*”**

1. Para comezar, escribiremos nun folio a palabra “DE ACORDO” e noutro a palabra “DESACORDO” e as colocaremos en lados opostos da aula.
2. A continuación, iremos expoñendo de xeito intercalado datos reais e *fake news* acerca da violencia de xénero e o alumnado deberá posicionarse na posición que máis lle represente nunha liña imaxinaria entre o acordo ou o desacordo e xustificar a súa resposta. Pode moverse en calquera momento se cambia de opinión.
3. Para rematar, resolveremos cal é o dato certo acerca do que se estaban a comentar, e pasamos á seguinte idea.

### **BLOQUE 2. Que farías tí?**

1. Recolle unha serie de situacións machistas que normalmente pasan desapercibidas (podes poñer exemplos sacados da metáfora do iceberg) e escríbeas en fichas.
2. Distribúe o alumnado en grupos de 3 ou 4 persoas e reparte unha tarxeta a cada grupo.
3. Cada grupo deberá reflexionar acerca do que sucede nesa tarxeta, pensar nas posibles implicacións da persoa que está a sufrir a situación que se expón na tarxeta, por que está mal facer iso, como pode previrse ou evitar que volva a suceder, como podemos actuar se o sufrimos ou se vemos a alguén sufrir esa situación, etc.
4. Para rematar, o grupo explicará ao resto de grupos que situación lles tocou e as conclusións que sacaron de analizala.

# PROPOSTAS PARA TRABALLAR NA AULA: NIVEL AVANZADO

## BLOQUE 1: Análise de titulares de prensa

1. Fórmense diferentes grupos na aula, dun máximo de 5 persoas e repártense ao azar os diferentes tipos de violencia machista explicada no bloque conceptual: Violencia psicolóxica, violencia física, violencia dixital, etc.
2. Cada grupo ten que buscar noticias de prensa, en calquera formato, que fale ou inclúa algún caso no que se levara a cabo unha situación de violencia do tipo que lles tocou.
3. Posteriormente terán que analizar todos os titulares e o contido das noticias, e poñer en común a súa análise.
4. Ao finalizar o exercicio, pódese abrir un debate sobre o sexismo nos medios de comunicación.



→ ABC → Estilo → Gente

### Amaia Romero reaparece sin sujetador y con pelos en las axilas

La ganadora de «Operación Triunfo» ha presumido siempre de ser espontánea y natural

### La acosada que no pidió ayuda

La muerte violenta merodeaba a Olga pero ni denunció ni supo encontrar a quien la escuchara en Castelldefels

### La Voz de Vigo

MARTES, 15 DE AGOSTO DEL 2023 • Genda Barón, 104, Vigo • [info@vozdegalicia.es](mailto:info@vozdegalicia.es) • [www.vozdegalicia.es/vigo/](http://www.vozdegalicia.es/vigo/) • Teléfono: 986 2681

### Alarma en Vigo por las autolesiones de adolescentes acosadas en redes

## BLOQUE 1: Mural sobre as violencias machistas

1. O alumnado terá que facer unha pesquisa sobre as diferentes manifestacións de violencia machista que existen e realizarán unha posta en común.
2. Ao rematar, cada grupo encargárase de facer un panel informativo sobre a información recollida sobre un tipo/manifestación de violencia machista, indicando en que consiste e xerando slogans de rexeitamento.
3. En consenso co profesorado, decidirán un lugar do centro educativo no que colocar os carteis, de xeito que sexan visibles e poidan lelos todo o alumnado e profesorado do centro escolar.

## BLOQUE 2: Creación dun vídeo de sensibilización

1. Visualizar os vídeos de testemuñas de mulleres superviventes á violencia de xénero <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/testimonios/supervivientes/home.htm>
2. Comentar que aspectos teñen en común todas as superviventes e que tipos de violencia relatan.
3. Facer unha breve explicación do ciclo da violencia e de como se mantén e sostén o ciclo durante, moitas veces, ciclos temporais tan longos. Falar da escalada da violencia e os seus efectos.
4. Elaborar un vídeo coas impresións, que sirva para concienciar e sensibilizar a sociedade, sobre as violencias machistas.

# PROPOSTAS PARA TRABALLAR NA AULA:

## NIVEL AVANZADO

### **BLOQUE 2: “Así non, así si”**

1. Facer unha breve explicación dos diferentes tipos ou expresións de violencias machistas que existen.
2. Facer grupos co alumnado e asignar a cada grupo un ou varios tipos de violencias.
3. Cada grupo terá que simular unha conversa de Whatsapp ou mensaxes directas dalgunha rede social, unha situación na que se dea violencia dixital pero orientada ao tipo ou tipos de violencias machistas. Para isto, deben escribir esta conversa nun folla de papel imitando unha captura dunha conversa real. Por exemplo, unha conversa na que unha rapaza quere ir a un sitio e a súa parella quere controlala.
4. Posteriormente, reelaborarán esa conversa pero nesta ocasión, a conversa non incluírá ningún tipo de violencia. Continuando co exemplo anterior, a conversa sería aquela na que a rapaza quere ir a ese sitio e a súa parella lle di que o pase ben e que se precisa algunha cousa pode axudala.
5. Para rematar, xuntarán ambas conversacións nunha cartolina, con explicacións acerca do que é un amor saudable e do que é unha relación na que se exerce violencia.

### **BLOQUE 2: Desmitificando a violencia machista**

1. A/o docente presenta varios mitos comúns sobre violencia de xénero e anótaos no encerado.
2. Divide ao alumnado en grupos e asigna a cada grupo un mito para analizar. Pídelles que discutan por que é falso e como a súa crenza pode perpetuar a violencia.
3. Cada grupo comparte as súas conclusións coa clase.
4. Proporciona recortes de noticias falsas relacionadas con violencia de xénero. O estudantado debe identificar as falsidades e discutir como poden afectar á percepción pública.
5. Inicia un debate aberto sobre o impacto dos mitos e as noticias falsas na sociedade e como poden ser combatidas.
6. Pide ao estudantado que reflexione sobre o aprendido e como poden contribuír a desmitificar a violencia machista na súa vida cotiá.

### **BLOQUE 2: Traballo de investigación**

Previo á sesión, a persoa docente debe preparar unha serie de tarxetas, cada unha cunha descrición dunha situación de violencia machista, que poden ser verbais, físicas, psicolóxicas ou económicas. Asegúrate de incluír exemplos variados.

1. Distribúe unha tarxeta a cada estudante e pídelles que a lean en silencio.
2. Pide ao estudantado que escriba nas súas tarxetas como se sentiría se estivese na situación descrita e que accións tomaría.
3. Forma grupos pequenos e pide ao estudantado que comparta as situacións das súas tarxetas e as reflexións que escribiu. Anima á discusión e á empatía.
4. Cada grupo comparte algunhas das reflexións e conclusións máis destacadas coa clase.
5. Inicia un debate na clase sobre a importancia de recoñecer e visibilizar as violencias machistas, así como as formas nas que poden apoiar a quen as experimenta e promover relacións saudables.

# EXPOSICIÓN ITINERANTE: A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ofrece ao centros de ensino secundario, bacharelato e ciclos formativos a itinerancia da exposición “A Violencia Sexual na Xuventude. Infórmate!”.



## DATOS DA EXPOSICIÓN

A exposición consta de dez paneis. Cada panel está identificado co seu número na parte traseira para coñecer a orde lóxica da exposición.

A medida de cada panel é de 210 (alto) x 120 cms (ancho).

A exposición ocupa uns 17 metros lineais.

**Panel 1.** Créditos e presentación da exposición.

**Panel 2.** Identificación da violencia sexual

**Panel 3.** Tipos de violencia sexual

**Paneis 4 e 5.** Consecuencias. Vai dirixido a posibles moz@s que sufran esta violencia, sinalando as consecuencias e como recoñecela para poder afrontar esta situación

**Panel 6.** Como podemos axudar?. Vai dirixido ao grupo e responde á pregunta “que podemos facer?”, coa intención de que o alumnado poida solidarizarse coa persoa agredida e actuar en consecuencia, illando ao agresor e apoiando a persoa agredida

**Panel 7.** Formas de relacionarse. Está pensado para que o alumnado reflexione sobre a forma de relacionarse. Identifica situacións e actitudes de violencia e control.

**Panel 8.** Definicións de violencia de xénero, pois a violencia sexual é unha das súas manifestacións. Aquí incluimos os recursos.

**Paneis 9 e 10.** Son claves para que mozos e mozas manteñan relacións en igualdade e liberdade, queréndose primeramente a elas e eles mesmos e respectando as diferenzas d@s demais.


O panel 10 axuda a analizar se a relación que manteñen mozos e mozas é de bo trato.

Esta exposición conta con material de apoio. Un manual con información ampliada para a persoa encargada de tratar os contidos na aula e a web da Concellería de Igualdade: [www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude](http://www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude)

# EXPOSICIÓN ITINERANTE: A ESCALA DA VIOLENCIA NA ADOLESCENCIA

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, dentro do Programa municipal Enlaza Vigo contra a violencia de xénero, propuxo na edición 2020 a temática “**A mocidade viguesa contra a escala da violencia de xénero**”. Nela exprésase nunha escala lineal o complexo proceso da violencia de xénero na adolescencia. Os centros de secundaria participantes elaboraron un slogan no que se expresa unha forma de atallar a espiral mencionada para cada un dos chanzos.

**Entre todas e todos podemos lograr NON SUBIR.**



## DATOS DA EXPOSICIÓN

A exposición consta de once paneis. Un panel de presentación da exposición e outros dez que corresponden cada un a un chanzo da escala da violencia na mocidade.

A medida de cada panel é de 200 cm (alto) x 88 cm (ancho).

A exposición ocupa uns 9,60 metros lineais. Cada panel corresponde a cada un dos chanzos da escala da violencia.

**Panel 1.** Créditos e presentación da exposición.

**Panel 2.** Chanzo 1: control (localización, amizades, estético, móbil, redes sociais).

**Panel 3.** Chanzo 2: illamento das amizades, hobbies e familia.

**Panel 4.** Chanzo 3: chantaxe e culpabilización.

**Panel 5.** Chanzo 4: agresións sexuais baixo falso consentimento.

**Panel 6.** Chanzo 5: desvalorizacións, humillacións e insultos.

**Panel 7.** Chanzo 6: intimidación.

**Panel 8.** Chanzo 7: agresións físicas iniciais.

**Panel 9.** Chanzo 8: ameazas.

**Panel 10.** Chanzo 9: agresión sexual con forza.

**Panel 11.** Chanzo 10: violencia física severa.

Esta exposición conta con material de apoio. Un manual con información ampliada para a persoa encargada de tratar os contidos na aula:

<http://www.enlazavigo.org/dossier-2020/>



# EXPOSICIÓN ITINERANTE: MICROMACHISMOS, PASAMOS Á ACCIÓN!

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, dentro do Programa municipal **Enlaza Vigo contra a violencia de xénero**, propuxo na edición 2019 a temática **“Micromachismos, pasamos á acción”**. Ese ano traballouse para que o alumnado non só fose quen de identificar os micromachismos que suceden de forma cotiá, senón que ademais propuxesen formas de erradicalos.

O prefixo “micro” diante de machismo, non expresa que estas accións sexan pequenas ou que teñan pouca importancia, senón que están tan interiorizadas na nosa vida cotiá, que se fan de forma inconsciente e cústanos identificalas como discriminatorias. Porén, por esta mesma razón son máis difíciles de erradicar e constitúen hoxe en día unha forma de reprodución do sexismo e da desigualdade.

## DATOS DA EXPOSICIÓN

A exposición consta de dez paneis. O panel presentación da exposición e nove paneis que corresponden a un tipo distinto de micromachismo.

A medida de cada panel é de 200 cm (alto) x 88 cm (ancho).

A exposición ocupa uns 8,80 metros lineais.

**Panel 1.** Créditos e presentación da exposición.

**Panel 2.** Identifica o seguinte micromachismo: No Nadal agasalla igualdade. “Merquemos xoguetes non sexistas. Non hai cores de nenas ou nenos, só etiquetas sociais que limitan a creatividade. Elixo xoguetes nos que nenas e nonos cooperen e compartan espazos”.

**Panel 3.** Identifica o seguinte micromachismo: No servizo de homes tamén se poden cambiar cueiros. “Cada vez son máis os servizos de homes nos que se dispón de cambiadores; ata hai ben pouco só as mulleres podían realizar esta tarefa nos servizos públicos”.

**Panel 4.** Identifica o seguinte micromachismo: ¡Muller tiñas que ser!. “Porque hai máis condutoras ao volante, cometen menos infraccións e teñen menos accidentes”.

**Panel 5.** Identifica o seguinte micromachismo: Non ás actitudes paternalistas. “As mulleres non precisan que as traten de maneira condescendiente ou paternalista. Homes e mulleres somos iguais”.

**Panel 6.** Identifica o seguinte micromachismo: As tarefas no fogar non teñen sexo. “Todas as persoas sabemos coller unha vasoira, poñer unha lavadora, coidar as cativas e cativos. Apréndese facendo e... querendo”.

**Panel 7.** Identifica o seguinte micromachismo: Meu corpo non precisa da túa opinión. “As rapazas pola rúa sítense inseguras polas gabanzas e insultos dos rapaces polo mero feito de ser mulleres”.

**Panel 8.** Identifica o seguinte micromachismo: ¡Corresponsabilidade xa!. “O coidado de menores corresponde por igual á parella”.

**Panel 9.** Identifica o seguinte micromachismo: Contra a desigualdade no deporte máis visibilidade. “Os medios de comunicación deben dar a mesma presenza ao deporte feminino que ao masculino para promover a igualdade”.

**Panel 10.** Identifica o seguinte micromachismo: Cambiando a mirada social. “A imaxe combina varios estereotipos sociais considerados como micromachismos. Pretendemos facer un choque visual que faga reflexionar sobre o cambio de rol.

Esta exposición conta con material de apoio. Un manual con información ampliada para a persoa encargada de tratar os contidos na aula <http://www.enlazavigo.org/wp-content/uploads/2019/10/EnlazaVigo19.pdf>



# PROPOSTA “PUNTO LILA”

## Espazo de información e sensibilización sobre a violencia contra as mulleres

O **Punto Lila** é un espazo de información e sensibilización sobre a violencia contra as mulleres que ten como obxectivo implicar o conxunto da comunidade educativa na reflexión sobre este problema social.

A través desta proposta preténdese xerar unha acción que contribúa a superar as diferentes formas de violencia contra as mulleres e que promova entre a mocidade unhas relacións libres, respetuosas, igualitarias, diversas e non sexistas.

Esta guía mostra algunhas ideas (de centros educativos da cidade) para implementar o **Punto Lila** en varios niveis de profundidade, podendo ampliarse ou adaptarse según as súas características. Algunhas propostas de alcance serían:

**NIVEL 1:** O **Punto Lila** é creado polo centro coa colaboración do profesorado e permanece como un **espazo expositivo e informativo** mentres dure a campaña do 25N nun lugar accesible para todo o alumnado.

**NIVEL 2:** O **Punto Lila** convértese nun **espazo permanente**, como un recurso educativo máis, e **progresivamente se intentaría implicar o alumnado na súa dinamización**. Pódese complementar cun espazo virtual na páxina web do centro.



### EXEMPLOS DE RECURSOS PARA O PUNTO LILA:

**PANEL INFORMATIVO:** con novas sobre violencia e igualdade, difusión de actividades do propio centro ou organizadas por outras entidades, recomendacións de libros, películas, series, cancións, contador de vítimas de violencia de xénero, etc

**EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA** sobre temas de igualdade, feminismo, violencia de xénero, etc

**MATERIAL DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE:** folletos, documentos, etc (pódese solicitar material á Secretaría Técnica)

**EXPOSICIÓN ITINERANTES DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE:**  
1. **Violencia sexual** | 2. **A escala da violencia na adolescencia** |  
3. **Micromachismos, pasamos á acción.**

**ORGANIZACIÓN DE CHARLAS** por especialistas en violencia de xénero, virtuais ou presenciais, dirixidas ao alumnado.

**CREACIÓN DUN PUNTO LILA VIRTUAL** que complemente e amplifique a información do espazo físico.